

## MORRER É UNHA ARTE, COMA TODO

Faino. A que agardas? Métea. Métea. Métea. Mete a cabeza no forno. Abre o gas. Respírao. Veña, mete a cabeza. A ver! Veña, hostia! Faino. Igual ca ela. Non te atreves? Es unha covarde. Ela fíxoo. Líbranos de ti. Líbranos dunha puta vez. Suicídате.

—Necesita axuda?

—Eh?

—Se necesita axuda!

—Ah... si... non, non... xa me arranxo eu.

—A ver, oh! Que lle boto unha man.

—Non, de verdade.

Quixen detelo coas palabras, pero era demasiado tarde. As palabras son invisibles e fáciles de atravesar cando non teñen consistencia. O home, de camisa a cadros e viseira dalgunha marca de aceite para motor, en relativa consonancia coa cor encarnada da camisa, achegouse a paso acelerado. O corazón, bum-bum-bum-bum-bum, bombeaba sangue a toda máquina. Podía sentilo correr polas veas, o tacto contra o tecido fráxil e vulnerable.

Xa levaba uns cantos minutos procurando afrouxar os parafusos da roda. Era coma se quixese cambiar a órbita da Terra, des-

viala a outro Universo. Non houbo maneira. Apertaba os dentes ata case escachalos do esforzo. Tentábao con todas as miñas forzas. Pero nada, non se movían nin un milímetro.

—Déixeme a min, señora.

Odio que me traten de vostede. E non falemos do “señora” que me dá mal corpo. Maldita cordialidade medieval. As rapazas da miña idade xa deben estar casadas. Xa deben ter os peitos caídos de dar de mamar a dous ou tres fillos. Deben ser proxectos avanzados de futuras anciás que herdarán unha vellez anticipada e, seguindo a formulación dalgunha lei antropolóxica, farán as mesmas cousas que fixeron as súas nais e avoas.

Colleu a chave de cruz. Máis ben, sacouma das mans coma quen arrebatara algo que é da súa propiedade: un fillo, por exemplo.

Ía ter un fillo. Agora só teño o recordo de algo que puido ser.

Agardei sentada nun banco composto por tres pedras rectangulares, asolagadas de musgo e decadencia. Procurei relaxarme pero, evidentemente, era imposible acadar aquel estado na miña situación.

—Non é de aquí, verdade, señora?

—Vostede, señor, nobre cabaleiro, de onde cre que son?  
—lanceille tres de golpe. Pura improvisación.

O home afrouxou os parafusos cunha facilidade asombrosa. Como me amolou aquilo. Entroume unha rabia ardente. Un puto incendio nas entrañas que se podería confundir coa acidez dunha mala dixestión. O caso é que eu aí, unha hora, dálle que dálle, e nada. Chega este e parece que os parafusos están feitos de plastilina. Incluso diría que de merda. Mirei ao ceo cravando os ollos nun deus imaxinario que estaría bebendo un vermú con xeo tras as nubes grises mentres algún anxo o masturbaba. “Moito che gusta amolarme, non si?”

—Do norte, non? —soltou o descoñecido sen perder a atención no traballo, mentres encaixaba á vez a roda de reposto no lugar exacto.

Afirmei coa cabeza. Era un xesto de indiferenza. Non me apetecía falar pero estaba ante alguén que se ofrecera, sen llo pedir ninguén, quero deixalo ben clariño, a botarme unha man para cambiar unha roda picada. A miña obriga, a pesar da situación era, cando menos, falar. Bla, bla, bla, bla, bla... Dicar catro palabras, asentir, sorrir... ese tipo de xestos absurdos. Aplicar á mínima o manual de cordialidade.

—De Galataz?

Repetín o xesto. Subliñei aínda máis a miña indiferenza levantando as cellas e conformando unha curva case perfecta, ao tempo que evitaba en todo momento o contacto visual. Evitar o contacto visual é a éxtase do desinterese. Se houbera un carteliño encima da miña cabeza poderíase ler: “O que ti digas tío, pero veña, rapidiño”. El, que seguía alí cos xeonllos cravados na grava, pasou unha man pola fronte para limpar a suor produto do esforzo imprevisto. A verdade é que non lle viña mal un pouco de exercicio, se cambiar a roda dun coche pode estar cerca de considerarse unha especie de pseudodeporte. Estaba entrado en carnes cun prognóstico, nun futuro próximo, de perigosa obesidade.

—Xa me parecía —sorriu—. Polo acento, non sabe? —vaia, agora vai vir o tópic— Teñen un acento moi gracioso —*Et voilà!*

Pois non haberá que facer un doutoramento para analizar o noso acento. E ás veces sóltano coma se fose o descubrimento do ano: tachán! Sairá na portada dalgunha revista científica, digo eu. Emitirano en directo nas canles de televisión en plan *Breaking News*. HOME DA MESETA DESCOBRE QUE A XENTE DO NORTE TEN ACENTO CANDO FALA. Ou invadirán as liñas telefónicas as radios nacionais disputando ter a exclusiva dunha entrevista. De

aí ao Nobel hai un paso... Uf...! O acento. O puto acento. Se vos escoitásedes...

—E de onde vén? —seguiu.

Vaia interrogatorio. Botei un ollo ao que facía. Parecía que eu era a experta e el o aprendiz que non cobra a final de mes. Hai que sacar rédito da inexperiencia. Agora tocaba apertar ben forte de novo os parafusos. De esquerda a dereita, de esquerda a dereita, de esquerda a dereita. Movemento fluído e constante. Sei a teoría, fállame a práctica; pero, nestas condicións, non entendo como saquei o gato do maletreiro. Agora que o penso, esa si que foi boa.

—Da capital.

—Da capital? —repetiu.

—Si, da capital.

O home levantou a vista, coma se entre as montañas alaranxadas que cruzan a estrada puidese ver os grandes edificios de cristal da capital. Os vehículos pitando nalgún semáforo en verde. Os vehículos pitando nalgún semáforo encarnado. Os vehículos pitando seguido provocados por unha especie de síndrome obsesiva. Os letreiros de neon iluminando a noite nunha espiral de cores rechamantes pouco recomendada para epilépticos. Os carteis anunciando as novidades teatrais e as estreas do cinema para facernos esquecer que o mundo se vai a pique e, cando cheguemos de volta á casa, os problemas seguirán no mesmo lugar.

—Vaia... pois si que acaba de facer unha viaxe longa. —Buf! Non o sabes ti ben. E o que me queda—. E a onde se dirixe?

Afrouxou o gato. O coche descendeu amodo igual que unha nave espacial ata que, movemento final, o vehículo apoiou todo o seu peso sobre o chan.

—A Galataz, non llo dixen? —amosei unha risa esaxeradamente amable e falsa. O ton? Unha mestura de voz infantil aderezada cunhas pingas de retranca.

—Si, oh! Pero Galataz é moi moi grande —e botou fóra unha gargallada que pouco máis non lle sae da boca. Ese xesto deixou ao descuberto uns dentes amarelos, pintados con brusquidade a pinceladas polo tabaco—. De que parte de Galataz?

—Aínda que llo diga, non creo que o saiba...

—Pódese sorprenden. Traballo transportando madeira e as estradas do norte téñoas moi vistas —vaia poeta!—. Ve aquel camión de alí? —sinalou un mastodonte metálico cuxo remolque cargaba ata os topes troncos de árbores pelados de cortiza—. É meu.

—De Caim... diríxome a Caim. Sabe onde é?

O descoñecido perfilou unha faciana moi expresiva que, en conxunto, revelaba certa estrañeza. Sacou a viseira e deixou á vista un floco de cabelo húmido pola suor e mal esmagado sobre a fronte. Ventilou o aire de insectos que o cercaban en círculos, ansiosos por encherlle os narices a alguén. Visto así, parecía unha gran e relucente bosta de dentes amarelos.

—Aí hai uns acantilados que teñen moita sona, verdade? Os acantilados de Caim... non si? —e el mesmo afirmou coa cabeza.

—Si —outro monosílabo.

—Ve como sabía! —dixo alegre—. Nunca fun, pero sei ben onde queda. Pódese dicir que vostede é do norte norte.

—Do norte norte, exacto —sorriso cordial—. Ben, listo? Podo recoller todo?

Desexaba rematar a conversa e arrancar daquela gasolineeira perdida no medio deste páramo deserto que chamamos Meseta. Unha estación devorada de óxido, co letreiro branco e encarnado da petroleira en grande, tamén oxidado. Tiña unha pequena cafetería que parecía ofrecer moi bo servizo porque non paraban de deterse coches que ían a sabe Deus onde. Cheiraba a frito. A comida de tixola e a aceite que bota semanas sen cambiar, almacenado nos utensilios. Quizais ese sexa o éxito, a substancia do residuo.

—Xa lle axudo eu. Meto todo no maletreiro? —insistiu.

O maletreiro! Esquecíame do maletreiro!

—Non, non... xa... xa o fago eu. É o mínimo despois de botarme unha man —procurei disfrazar os nervios cunha falsa tranquilidade, pero era un deses disfraces feitos a última hora con anacos de cousas que hai ciscadas pola casa e... xa se sabe.

—Tranquila muller, que non me custa nada. Ademais, isto tamén ten o seu aquel, que non é tan fácil. Hai que encaixar a roda e tal —volveu insistir.

Apartei o home cun empurrón aparatoso. A pesar do meu corpo débil e fraco, naquel momento a situación outorgoume a forza suficiente como para apartalo co movemento. No centro exacto das entrañas comezou de novo a prender unha chama que, desta vez, non tiña nada que ver con posibles ardores.

A rabia comezaba a devorarme.

—Deixe, xa o fago eu. Que cre, que non son capaz?

Mírame. Saca a viseira outra vez. As moscas multiplicáronse.

—Non é iso, pero é que a min...

—Pero non lle estou dicindo que o quero gardar eu? A voste-  
de que carallo lle pasa? Preguntoume se me axudaba a cambiar a  
roda e díxenlle que non. E aínda así, veu. Agora, o mesmo. Qué-  
reme deixar en paz dunha puta vez! —as palabras foron directas  
á súa faciana. Algunha quedoulle chantada na pel. Serán difíciles  
de extirpar.

Aquel descoñecido abriu os ollos coma pratos, diría que case  
ata o límite da xestualidade. Non debeu de entender a miña acti-  
tude. Estaba alí, de pé, todo dereito, agardando sen réplica a que  
lle dese a estocada final, o último golpe que o precipitaría ata  
unha profundidade emocional perigosamente escura, desas que  
amargan o día.

—Eu... só... só quería... só quería axudar... nada máis —ape-  
nas balbuciu.

—Pois xa axudou, sen que llo pedisen, iso si. Veña, marche e déixeme tranquiliña. E que saiba que eu tamén podía cambiar a roda. Fíxeno centos de veces —mentira.

O home virouse abatido polas palabras que, desta vez, si que tiñan consistencia. Baixou a cabeza e dirixiuse á cafetería. Nese traxecto detívose e mirou cara atrás, cara a min, ou cara a ese círculo invisible que me encadraría, xunto ao coche, o banco e unha das árbores que tinguían dunha pobre cor o aparcadoiro asfaltado. Despedino co dedo maior en alto. Un corte de man no punto máis expresivo e coa intencionalidade coa que se adoita executar ese xesto. “Que che dean”. El, un, dous, tres, catro segundos despois, continuou a súa especie de marcha fúnebre, balanceándose sobre as súas anchas cadeiras de Neanderthal. Imaxinei un ritmo de procesión de Semana Santa. Tan, tarán, tan, tan, tarán... Váiselle pasar rápido esa tristura que o colleu por sorpresa nesta mañá de calor artificial. Non hai nada que non cure unha cervexa ben fría, un bocadillo de lombo acompañado dos ingredientes pertinentes e unha ollada rápida a un xornal deportivo onde os equipos de fútbol que teñen que gañar, gañan, e os que teñen que perder, perden. Quizais lle dea charla a unha camareira de meixelas encarnadas e pel graxa, asolagada de grans polas partículas de aceite que se aferran no ambiente dende a cociña. Talvez ela tamén teña os dentes amarelos, e esta entrada en carnes cunha tendencia perigosa a blablablá... E nuns anos casarán, ela vestida de branco impoluto arrebatado de calquera significado de pureza; el, de traxe e gravata cunha rosa branca atrapada na solapa, para distinguirse do resto de invitados.

Abrín o maletreiro case cos ollos pechados, evitando percibir o contido. “Non quero mirar”. Tirei o gato dentro sen ningunha sensibilidade. A roda picada quedou apoiada sobre o banco, aban-

donada. Agora formará para sempre parte desta estampa decadente. O froito dunha explosión nuclear.

Seguimos o camiño.

Que día, por Deus, que día...